

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN ALIAD ULTREIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DETECCIÓN E RESTABLECEMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

REUNIDAS

Dunha banda, Elena Rivo López, Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 68/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte, María Barba Núñez, que actúa en nome e representación da Asociación Aliad Ulteia (G27021120), en virtude da súa condición de representante legal, segundo o acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 17/06/2021.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro.

Segundo.- Que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na demais lexislación aplicable na materia.



Terceiro.- Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece no seu artigo 3 que a violencia sexual, a trata con fins de explotación sexual e a explotación sexual, son formas de violencia de xénero.

Ademais dentro dos principios que orientan esta lei, recóllese no artigo 4 que se considera a violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, incidindo unha parte importante da lei na **prevención** da violencia a través da sensibilización, a investigación e a formación en materia de igualdade.

Neste sentido o artigo 12.1 da mesma Lei 11/2007, establece que a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, en colaboración cos restantes departamentos da Administración autonómica, potenciará nas universidades galegas e noutros entes, espazos ou organismos, a **investigación** sobre as causas e consecuencias da violencia de xénero, así como sobre os medios necesarios para evitala, o grao de sensibilización da sociedade ante a mesma e os medios necesarios para o seu tratamento.

Tamén no seu artigo 15.1, dispón que a Xunta de Galicia garantirá, a **formación** en igualdade de todas e todos os profesionais que traballan en ámbitos relacionados directa ou indirectamente coa violencia de xénero, e en especial das e dos profesionais da sanidade, dos servizos sociais, educativos, das Forzas e Corpos de Seguridade e das operadoras e os operadores xurídicos.

Cuarto.- Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres supón un serio atentado contra a dignidade e a integridade física, psíquica e moral destas e, en consecuencia, unha grave e intolerable violación dos dereitos humanos.

De xeito especial, as mulleres **vítimas dun proceso de trata e explotación sexual** atópanse nunha situación de maior vulnerabilidade, dada a problemática complexa que presentan que afecta aos diferentes eidos da súa vida, desde a súa situación xurídica, a garantía dos seus dereitos, o acceso aos recursos, a súa situación económica, a súa inserción laboral, a atención sanitaria especialmente en relación á saúde mental e adiccións, ao que se une en moitas ocasións a falta dunha rede de apoio social ou familiar.

Esta situación fai necesaria unha atención especializada por profesionais que poidan realizar un abordaxe integral que mellore a detección de vítimas de trata e explotación sexual e que poidan xerar respostas eficaces para a reparación do dano nestas mulleres.



Quinto.- O “I Plan Galego contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual 2022-2024” marca a folia de ruta da Administración autonómica galega para contribuír a un cambio cultural na nosa sociedade enfocado á repulsa da trata sexual e a prostitución; a reforzar os mecanismos para a súa prevención, así como para articular unha mellor intervención coordinada dos distintos axentes. Dentro dos obxectivos deste plan, na área estratéxica 2 establece a mellora da prevención, detección, identificación e protección ás vítimas no que o fomento da colaboración entre institucións, a formación a persoal implicado na detección e o restablecemento das vítimas son obxectivos fundamentais.

O proceso de reparación das vítimas de trata e explotación sexual é longo e complexo e require de itinerarios integrais no que o traballo dos/as profesionais que as atenden é fundamental para o restablecemento das mulleres e aínda mais necesario no caso de menores de idade. A coordinación e implicación entre os servizos sanitarios e de saúde mental, as entidades sociais que ofrecen apoio xurídico, social, psicolóxico ou laboral, ou os servizos de protección de menores son clave para o éxito da detección e da intervención.

Esta situación exige por unha parte un estudo profundo do dano que produce a prostitución sobre as mulleres e menores, tamén a necesidade de proporcionar unha formación especializada aos diferentes axentes implicados na detección de vítimas de trata/explotación sexual e intervención con estas mulleres e nenos/a e por último a realización de accións formativas dirixidas á mocidade cara á prevención do consumo e a entrada na prostitución.

Sexto.-Que a asociación **Aliad Ultreia** é unha organización sen ánimo de lucro que se atopa inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-178, e forma parte da Rede Galega contra a Trata.

A dita entidade ten unha acreditada experiencia no desenvolvemento de programas de atención a vítimas de violencia de xénero, preferentemente inmigrantes, así como en programas de atención e reinserción social de persoas con trastornos aditivos.

Dentro da atención a mulleres vítimas de violencia machista leva desenvolvendo 13 anos o programa “Donas”, que está especializado na identificación, protección, reparación e incorporación de mulleres prostituídas, no que traballan profesionais de diferentes eidos capacitados para a intervención nunha problemática tan complexa como é a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual. A atención social, sanitaria, psicolóxica,



xurídica, formativa e laboral nos seus locais están complementadas coas visitas aos lugares onde hai situacións de prostitución e cun piso de acollida dirixido a mulleres vítimas de explotación sexual.

No eido da saúde, e entendendo a atención psicolóxica dentro dela, Aliad conta cun proxecto de detección de ITS que realiza en colaboración coa Consellería de Sanidade e con atención psicolóxica especializada en trauma a cargo dunha psicóloga financiada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

A dobre especialización da entidade relacionada cos trastornos aditivos e co traballo con mulleres vítimas de trata e explotación sexual, que conta con persoal capacitado e con experiencia na materia, acredita a súa capacidade para promover e coordinar un proxecto de investigación en prostitución; así como coordinar, xestionar e proporcionar unha formación axeitada e de calidade a diferentes colectivos profesionais que mellore a detección e intervención na recuperación destas mulleres.

Sétimo.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario radica na necesidade de poder realizar un estudo de investigación sobre a prostitución e impartir formacións específicas que melloren a detección, o restablecemento e a prevención no eido da trata de mulleres e nenas /os e da explotación sexual

Por todo o indicado, todas as partes acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá conforme ao disposto nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste Convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a entidade Aliad Ultreia, na realización dun proxecto para mellorar a detección e



intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, especialmente aquelas con problemáticas de saúde mental e adicións, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.- Actuacións que se van a realizar

Este proxecto ten a particularidade de non ter carácter meramente asistencial senón que pretende impactar no funcionamento dun sistema xerando cambios positivos que conduzan a unha mellor intervención con mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual.

A entidade Aliad Ultreia desenvolverá este proxecto a través de profesionais especializados/as que concretarase en tres grandes áreas de actuación:

- 1) - Realizar unha investigación sobre o impacto da prostitución sobre as mulleres para a partir dos resultados poder xerar respostas de reparación máis axeitadas.
- 2) - Desenvolver accións formativas especializadas dirixidas aos axentes implicados na detección de vítimas de trata/explotación sexual e intervención con estas mulleres e nenos/as.

Neste área realizaranse accións formativas diferenciadas e dirixidas a diferentes profesionais que traballen neste eido: persoal das entidades da Rede de Trata e doutras entidades que atendan a mulleres vítimas de trata; persoal de Servizos de protección ao menor e outro persoal de entidades ou asociacións que traballen con menores ou equipos de orientación escolar; así como formación especializada dirixida a avogados/as e procuradores que de xeito preferente participen no turno de oficio de violencia de xénero.

- 3) – Realizar o deseño dun taller formativo “Repensando a sexualidade” dirixido á mocidade, que contemple un modelo afectivo desde os coidados e o bo trato tendo en conta os novos xeitos de relación e as novas tecnoloxías. Neste taller abordarase a prevención tanto na captación de mulleres mozas para ser prostituídas, así como a eliminación da demanda e acceso da mocidade á mesma. Poñerase en práctica un proxecto piloto deste taller en varios institutos.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas



características e considérase a esta entidade como idónea para desenvolvelo. Esta entidade acredita un evidente interese social e humanitario na labor desenvolvida e conta con persoal especializado en adiccións, saúde mental e violencia de xénero, que leva á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, a establecer a presente liña de colaboración.

Terceira.- Financiamento

Para sufragar os gastos derivados do presente convenio, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade aboará a entidade Aliad Ulteira a cantidade total de **41.400 €** (corenta e un mil catrocentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.313D.481.0 (código de proxecto 2012 00931) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, para os gastos efectivamente realizados derivados do funcionamento do programa.

O financiamento deste convenio enmárcase nos fondos da Conferencia Sectorial de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia, aprobados pola Resolución do 16 de marzo, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2023 dos créditos para o desenvolvemento de programas e a prestación de servizos que garantan o dereito á asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero e a atención aos menores.

Cuarta.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2023 e o 30 de novembro de 2023**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Quinta. - Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei



9/2007, do 13 de xuño, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación**, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das accións realizadas, número de persoas participantes nas diferentes accións formativas a data e un resumo global dos resultados obtidos. Así mesmo entregárase a dita memoria en formato editable.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da entidade, na que se relacionen os gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pagamento.
- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañárase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder da entidade.
- Os gastos de persoal xustificáranse mediante as **nóminas**, acompañadas dos seguros sociais e da retención á conta do imposto do IRPF xunto cos xustificantes bancarios que acrediten os seus pagamentos.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven **ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación**, o importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura, nómina ou documento equivalente) no que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.
- **Declaración responsable** doutras axudas ou subvencións que financiasen a actividade subvencionable con indicación do importe e a procedencia para a mesma finalidade



procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.
- Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Á vista desta documentación, a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula cuarta deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **5 de decembro de 2023**.

Sexta- Memoria final

A entidade Aliad Ultreia remitirá á Secretaría Xeral da Igualdade unha memoria final de actuación do exercicio 2023 na que se describirán as accións realizadas e o número de participantes, resultados obtidos, os medios humanos e materiais empregados e aqueles outros aspectos que a entidade considere salientables. A devandita memoria deberá ser remitida antes do **31 de xaneiro de 2024**.

Sétima.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentarse por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).



Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Oitava.- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Novena.- Pagamento anticipado e pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1. Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que :*“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.”*

Así mesmo, poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula quinta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Décima.- Reintegro da subvención



A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegrárase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos mais perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Décimo primeira.- Compromiso das partes

A entidade Aliad Ultreia , como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das



persoas usuarias deste programa.

- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregarase a lingua castelán se esta é a elixida pola persoa interesada.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.
- Comunicar á Secretaría Xeral da Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das



prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Subministrar á Secretaría Xeral da Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Secretaría Xeral da Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula terceira.

Décimo segunda.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.



Décimo terceira.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo cuarta.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo quinta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de



Promoción do Emprego e Igualdade, pola secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/ha funcionario/a desa Secretaría, e, por parte da entidade Aliad Ultraia, pola súa presidenta ou persoa que esta dispoña para que a substitúa.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo sétima.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitava.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.



A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedinte, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

Décimo novena.- Protección de datos

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a entidade Aliad Ulteira en calidade de encargada do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, en calidade de responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.



Vixésima.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de xaneiro de 2024.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asínase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E
IGUALDADE

Elena Rivo López

A PRESIDENTA DE ALIAD ULTREIA

María Barba Núñez

